A PROSA DE NON FICCIÓN

1. O ENSAIO
1.1. Definición.
1.2. Características.
1.3. Estrutura
1.4. Clasificación
1.5. O ensaio nas diferentes etapas literarias.
1.6. Autores e textos agrupados por temas.
1.6.1. O ensaio político.
1.6.2. O ensaio económico.
1.6.3. O ensaio histórico e antropolóxico.
1.6.4. O ensaio sociolingüístico.
1.6.5. O ensaio filosófico.
1.6.6. O ensaio teológico e relixioso.
1.6.7. O ensaio literario
1.6.8. O ensaio de temática medioambiental.

1. O ENSAIO

1.1. Definición

Este xénero tradicionalmente foi considerado un xénero menor, pero hoxe en día está a ser un xénero moi difundido e traballado. Como xa se indica no título da unidade, é un xénero que trata de materia doutrinal e non ficcional. O propósito estético queda subordinado aos fins ideolóxicos, non obstante, non está ausente por completo.

1.2. Características

- Subxectividade: abórdanse os temas dende a visión do autor.
- Estrutura aberta e propósito reflexivo: o autor interpreta un aspecto da realidade coa esperanza de que o lector realice as súas propias conclusións do mesmo.
- Non exhaustividade: contén consideracións parciais e incluso improvisadas. O autor non pretende esgotar todas as posibilidades da materia tratada.
- Diversidade temática.
- Carencia de estrutura ríxida: o autor non está obrigado a seguir unha disposición predeterminada. Predomina entón a capacidade de asociación e de reflexión do autor sobre a exposición sistemática do tema.
- Carácter dialogal: o autor pretende establecer unha “charla informal” co seu lector. Isto explica o coloquialismo de moitos ensaios.

1.3. Estrutura

O xénero do ensaio caracterízase polo predominio das formas da **exposición** e **argumentación**:

— **Exposición:** consiste na exposición dun tema co obxectivo de facerllelo comprender a outras persoas. O que expón mantense nun plano obxectivo e previamente debe levar a cabo unha documentación rigurosa sobre o tema a desenvolver. Moitos ensaios non son máis que exposicións.

— **Argumentación:** adoita engadirse á exposición co obxectivo de defender unha opinión. Consiste no emprego de argumentos para probar o refutar algo, para conducir á verdade mediante razoamentos demostrativos entorno a dúas teses opostas.

1.4 Clasificación

A dificultade para establecer unha clasificación exhaustiva do xénero ensaístico é grande debido ao solapamento con outros xéneros, entre outros, os artigos de opinión e os tratados; non obstante, podemos establecer a seguinte clasificación simplificadora que englobaría este xénero:

— **Ensaio persoal:** o autor fala de sí mesmo e das súas opinións. Presenta un estilo conversacional, áxil e natural.

— **Ensaio formal**: aproxímase ao traballo científico, pero o punto de vista do autor está moi presente no desenvolvemento do discurso.

1.5. O ensaio nas diferentes etapas literarias

O ENSAIO	
Na preguerra	As grandes achegas ensaísticas foron as publicacións do Seminario de Estudos Galegos (1923) e as múltiples obras escritas polos homes *Nós*: *Dos nosos tempos* de Cuevillas; *Nós, os inadaptados,* e *Teoría do Nacionalismo galego* de V. Risco e *Guía de Galicia* de Otero Pedrayo entre outras.
Na posguerra	A editorial Galaxia consagra o ensaio en lingua galega, principalmente centrado na análise da saudade (*Siñificado metafísico da saudade* de Ramón Piñeiro), na reflexión sobre o humor (*O segredo do humor* de Celestino Fernández de la Vega) e sobre o apego á terra do home galego (*Mito e realidade da terra Nai* de Xoán Rof carballo).
Na actualidade	O xénero ensaístico diversifica a súa temática desde os anos 80, así temos ensaio teolóxico, lingüístico, sociolingüístico e literario, ensaio histórico-nacionalista, ensaio artístico, económico e de temática medioambiental. Curiosamente o ensaio filosófico diminuíu con respecto á década dos 50 cando ten un desenvolvemento forte grazas á Editorial Galaxia. Nos últimos tempos continúa a ampliación temática por exemplo no campo da enxeñaría, da biografía ou do ensaio memorial. Así mesmo hai un incremento paulatino do ensaio feminista grazas a Carme Blanco, Mª Xosé Queizán, ou Mª do Cebreiro.

1.6. Autores e textos agrupados por temas

1.6.1. O ensaio político

A obra máis representativa é *Sempre en Galiza*, de **Daniel Rodríguez Castelao,** escrita en Bos Aires en 1944, aínda que redactada uns anos antes (os textos que a forman irán aparecendo nas páxinas de prensa dende o ano 1935). Está dividida en tres libros e un limiar e trata cuestións fundamentais para o pobo galego: a súa particularidade e diferenzas con outros pobos que conforman o estado español , a necesidade de elaborar un estatuto de autonomía para Galicia, etc. Considérase a Biblia do galeguismo.

Unha obra na que reflexiona sobre múltiples temas: o autogoberno, a defensa do idioma, **o exilio**, o sentimento de Galicia...

> *A luz que entra polo ancho ventanal deste apartamento e que emborca sobor da miña mesa de traballo, tráime a sensación de paz e benestar cáseque inconcebibles neste tempos de barbarie. E aínda que fose lícito gorentar esta pracidez, sabendo que están en chamas centros vitaes da civilización, eu daría o cuadal lumioso deste ancho ventanal por un pequeno vidro, embafado de choiva galega. […] Por eso retornar a Galiza; mais non para morrer, senón para vivir.*
>
> *Sempre en Galiza.*

Para atopar nas letras galegas un precedente teremos que recuar ata o século XIX, a época do prerexurdimento, onde batemos cuns textos en prosa e de clara intención propagandística que difícilmente podemos considerar ensaio. Trátase de composicións encamiñadas a buscar apoio popular na loita contra os franceses, textos que dan conta da polémica entre absolutistas e liberais, etc.

Máis adiante no tempo, na época das Irmandades da Fala, **Antón Villar Ponte** publica *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional* (1916), escrito en castelán e que, a pesar disto, pode ser considerado o primeiro ensaio político das nosas letras. É un traballo que exerceu grande influencia en *Sempre en Galiza* de Castelao. Un pouco antes desta obra clave, **Vicente Risco** demostrará por que na súa época (anos 20) foi considerado o verdadeiro teórico do nacionalismo galego en obras como *Teoría do Nacionalismo galego* e *El problema político de Galicia.*

Teoría do nacionalismo galego, verdadeiro ideario das Irmandades e guía para as seguintes xeracións de galeguistas. Nesta obra postula os trazos diferenciais históricos, xeográficos e culturais que lle dan a Galicia status de nación.

Un pobo, para ter dereito a algo, ten que emprincipiar por ser o que é, e por querer ser o que é.

Se Galiza, deixa de ser Galega, perde ipso facto tódolos seus dereitos como pobo: xa non terá dereito nen á prosperidade económica, nen á autonomía nen á cultura.

Se os galegos abandonan a súa fala, os seus costumes, as nociós e supostos fundamentos da súa cultura propia, perderán o dereito a gobernaren a súa casa e aínda os seus dereitos de homes, pois o abandono daquelas cousas demostran a súa vontade de seren esclavos. […]

Todo pobo ten unha misión no mundo, que é criar unha cultura propia, e esta é a razón da súa eisistenza, o que pode invocar cando recrame liberdade e xustiza.

Teoría do nacionalismo galego.

Para encontrar outro texto político que poida ser catalogado como ensaio teremos que agardar por **Ramón López Suevos** (1943), que elaborou en colaboración con **Francisco Rodríguez** (1945) o volume *Problemática nacional e colonialismo. O caso galego* (1978).

Xosé Manuel Beiras Torrado (1936) recolle os seus escritos políticos en varios volumen. O primeiro deles titúlase *Por unha Galicia liberada* (1984) ao que lle segue *Prosas de combate e maldicer* (1991) e *O estado da nación.*

1.6.2. ensaio económico

A grande impulsora en Galicia para crear unha escola de pensamento económico será a Facultade de Economía. A primeira fornada de licenciados en ciencias económicas comezará a estudar no curso 1967-1968. Antes desta data, os ensaios que temos sobre a economía en Galicia terán como referente e soporte a *Revista de Economía de Galicia*, en pé precisamente ate ese ano de 1967 desde 1958.

Precisamente ao abeiro desta revista fórmase **Xosé Manuel Beiras**, autor de *O atraso económico de Galicia* (1978), ensaio que se converterá en referente de inmediato, cegando a súa influencia incluso a traballos publicados nos nosos días. Non podemos, con todo menosprezar traballos como *Estructura y problemas de la población gallega* (1970), escrito en castelán e centrado na problemática da emigración.

Ramón López Suevos segue, ao igual que Beiras, o método estruturalista de análise económica que plasma en libros como *Excedente económico e análise estrutural* (1978) ou *Do capitalismo colonial* (1979). Economistas e analistas económicos como **María do Carme García Negro** ou **Xavier Vence** continúan o traballo de analizar e de describir a economía galega.

1.6.2. O ensaio histórico e antropolóxico

Os antecedentes ao ensaio histórico actual hainos que ir buscar ao primeiro cuarto do século XX, dominado polo Grupo Nós. A importancia que en xeral tivo para eles o ensaio, multiplicábase cando se trataba do ensaio histórico, que procuraba sentar as bases da nosa identidade. Así o viu o **Seminario de Estudos Galegos** (SEG), que naceu no 1923 xestionado por uns rapaces diletantes que ían focalizar os seus esforzos nos ámbitos de estudo que a Universidade ignoraba. O espazo deixado pola desaparición do SEG tras a Guerra Civil foi cuberto, en parte, por traballos realizados de xeito individual patrocinados por entidades como o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, que nacerá no ano 1944. Os traballos dos anos 50 de **Florentino Cuevillas** ou **Xosé Filgueira Valverde,** verán a luz ao abeiro desta institución.

Tamén foi importante a fundación da Editorial Galaxia, onde viu a luz a *Historia de Galicia* de **Vicente Risco** (1952).

Mentres no exilio, no ano 1962, saía do prelo a *Historia de Galicia* de **Ramón Otero Pedrayo**, nova entrega á historiografía que completa o percorrido iniciado no ano 1933 co *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, escrito orixinariamente en castelán cunha tradución ao galego no ano 1982.

O substrato de traballo historiográfico atopa unha saída natural nos estudos actuais, entre os que destaca a serie de *A nosa terra "Historia de Galicia",* na que se abordan a cultura dos castros, a romanización de Galicia, o nacionalismo galego, etc…cun ton divulgativo, pero non exento de rigor.

O ensaio antropolóxico ten o seu principal precursor na figura de **Vicente Risco.** As súas visións da cultura centroeuropea, quedan reflectidas nun volume do ano 1934 que leva por título *Mittleuropa*, novo título dado ao conxunto de textos que anos antes publicara en Nós titulado *Da Alemaña.* A editorial Galaxia recollerá no ano 1962 co título de *Leria,* o conxunto da súa obra ensaística e xornalística. Tamén Risco será o responsable do que poderiamos cualificar como o primeiro «ensaio de autodefinición»: *Nós, os inadaptados,* que radiografiará a actividade e pensamento de todo un grupo, a Xeración Nós.

Non eramos patriotas. O patriotismo d'aquela era o patriotismo hespañol [...] Nós eramos exotistas, partidarios do lonjano, do recuado, do descoñecido. [...] E andivemos pelegrinando pol-as cosmogonías e pol-as culturas en demanda do insólito [...] Non sintiamo-lo hespañol, e se respeito da Europa eramos orientalistas, respeito de Hespaña eramos europeístas.

Nós, os inadaptados, revista *Nós*, nº 115

«Ora, o probrema é coma sendo coma eramos e coma somos, individualistas, inadaptados, antisociás, antigregarios, introvertidos, poidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotián e gregaria, coma é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, poito mellor do que eu podería facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela Arredor de sí.

Arredor de sí, máis que unha novela, é a autobiografía non dun soilo home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo todo o tempo dando voltas arredor de si – e cada un arredor de si mesmo- sen atoparse endexamais de todo.(…)

Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en precura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na solprendente descoberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, ruín, vulgar e filistea, ofercíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, coma os que andabamos a precurar por aí adiante»

*« Nós, os inadaptados» de **Vicente Risco***

Contribuirán a autoanalizar dita xeración **Florentino Cuevillas** coa obra *Dos nosos tempos* e **Ramón Otero Pedrayo** con *Arredor de sí.* Tamén **Castelao**, membro do mesmo grupo, achegarase ao ensaio etnográfico con *Diario 1921*, estampas da súa viaxe á Bretaña francesa, e con *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1948).

Necesariamente teremos que reparar na figura de **Marcial Gondar Portasany** (1948), quen cos seus traballos *Ensayos de etnopsiquiatría galega* (1992) ou *Crítica da razón galega* (1993), entre outros, trata de dar unha definición de Galicia como pobo, tomando como obxecto a particular idiosincrasia dos seus habitantes.

1.6.4. O ensaio sociolingüístico

Para abordar o ensaio sociolingüístico teremos que fixarnos nas figuras de **Ricardo Carballo Calero, Xesús Alonso Montero, Francisco Rodríguez** e **Pilar García Negro.**

Carballo Calero, afianzado no reintegracionismo ata o día do seu pasamento, manterá a súa coherencia ante as teses oficialistas da Academia Galega. Publica o groso da súa obra ao longo dos anos 80 do século XX, chegando a inicios da década dos 90.

Algumhas persoas tendem a incidir no tópico de que a ortografia é umha representaçom convencional dos sons, e, portanto, é indiferente que adoptemos umha ou outra, com tal de que exista umha tradiçom escolar que nos permita interpretá-la, que nos permita descodificar a mensage escrita […]

Durante muitos séculos, o galego foi umha língua puramente oral, na qual nom só nom se escreviam, como dizia Castelao, os recibos da contribuiçom, senom nengumha classe de documentos nem textos literários. Entom, cando por algumha razom excepcional primeiro —como reproduzir palavras ou expressons de gentes campesinas para burlar-se da rusticidade da sua fala—, ou com umha finalidade pintoresquista depois, e logo científica ou artística —já em pleno Ressurgimento—, houvo que fixar no papel algum texto galego, esta língua ágrafa, esta língua aliterária foi transcrita, como é natural, empregando o sistema que se empregava na língua escrita, na língua literária do país, que em Galiza era a língua castelhana […]

O problema ortográfico, ***Carballo Calero***

A **Xesús Alonso Montero** (1928) podémolo considerar, a finais dos anos sesenta e inicios dos setenta, como o fundador do ensaio sociolingüístico para as letras galegas.

É interesante a polémica-debate establecida co político Francisco Rodríguez Sánchez (1945) sobre a situación de posible perigo da lingua galega (tese defendida por Alonso Montero no seu libro *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*, publicado en castelán no ano 1993) que **Francisco Rodríguez** rebate no ano 1976 con *Conflito lingüístico e ideoloxía.*

Cun ton máis combativo e reivindicativo, exprésase **Pilar García Negro** (1953), tamén ela, ata hai moi puco tempo adicada á política, labor que compaxinaba coa docencia de literatura galega na Universidade da Coruña. Os seus traballos aparecerán nos anos noventa, e teñen como obxectivo fundamental a análise da relación entre a lingua e a súa lexislación: *O galego e as leis. Aproximación lingüística.* (1991), a lingua e o poder político: *Direitos lingüísticos e control político* (2000) e a análise sociolingüística pura*: Sempre en galego* (1999).

Boa mostra da relación entre lingua galega e a súa implantación na sociedade é o libro de **Manuel Portas** *Lingua e Sociedade na Galiza* (1991)

1.6.5. O ensaio filosófico

A necesaria dignificación do galego para que puidese servir como medio de expresión en calquera contexto, provoca que o ensaio de corte filosófico teña unha aparición un tanto serodia. Serán os membros da Xeración Nós (particularmente **Vicente Risco**, pero tamén **Johán Vicente Viqueira**), os que se aproximen en primeiro lugar a este tipo de ensaio. Virá, non obstante, o verdadeiro impulso cos integrantes do Grupo Galaxia.

Partimos da figura de **Ramón Piñeiro** (1915-1990) (Letras Galegas 2009), alma mater dunha xeración de pensadores como **Celestino Fernández de la Vega, Domingo García Sabell, Xoán Rof Carballo** ou o propio Piñeiro, aos que a

problemática filosófica inherente ao ser galego non lles foi allea, tratando de pescudar alén do pensamento para chegar mesmo á súa alma. Piñeiro con *Filosofía da saudade* (1984) pon o punto e final a toda unha obra de pensamento.

Celestino Fernández de la Vega (1914-1986) aborda, desde unha perspectiva filosófica, o tema do humor no pobo galego. Materialízanse as súas pescudas en *O segredo do humor* (1963). Fernández de la Vega centra a atención na literatura humorística e pon de manifesto feitos curiosos coma:

> *«España non producira ningún verdadeiro humorista ata valle Inclán, e que se pensamos en Valle Inclán, Camba, Castelao, na ascendencia galega de Cervantes e de Eça de Queiroz ¿case os únicos humoristas peninsulares¿ pódese chegar a sospeitar que o humorismo debe de ter algo que ver coa alma galego-portuguesa».*
>
> *[...]*
>
> *O humorismo é un esforzo por superarmos a propia debilidade e, mesmo por eso, algo verdadeiramente serio que se agacha baixo a aparente broma. Velaí por qué é moito máis ca unha modalidade literaria. É unha resposta asisada ante unha situación conflictiva; unha forma sutil de sabiduría, recoñecemento resignado dos nosos límites, pudor sentimental, simpatía, tolerancia, paciencia,etc. O humorismo é o esforzo máis intelixente do home por se liberar da súa tediosa condición […].*
>
> *O segredo do humor,* ***Celestino Fernández de la Vega***

Xoán Rof Carballo (1905-1944) deixounos un traballo titulado *Mito e realidade da terra nai*, publicado en Galaxia no ano 1957, no que caracteriza o ser galego, galego portugués para ser máis exactos, por ter un profundo sentimento intimista – telúrico; sente a saudade dos tempos da infancia e a falta de espazo físico no que viviu esta etapa.

> *Os galegos somos un dos pobos que máis intensamente senten a saudade da terra nativa. Certo que a saudade da terra nativa é condición de tódolos humanos. Todo home ten soidade dos seus eidos maternos, arela voltar a eles, e sobre todo, cando a faterna das diarias angueiras ou os lixumes da vida amontoan nel demasiado acedume, quédalle sempre o confortamento de pensar que o recanto onde naceu garda para el un abeiro seguro. Mais dentro deta condición xeral do home, os galegos somos, xunto cos portugueses e tamén os suízos e os rumanos, homes de especial tendencia saudosa que mesmo chega a sorprender ás xentes. Todo bo galego camiña pola vida con esa especie de estraño meigallo, que levamos talmente como un fatum, como un destino.*
>
> **Rof Carballo**, *Mito e realidade da terra nai*

Esta «teima» actúa como fío conductor nos tres ensaios dos que se compón este volume: *Encol da Santa Compaña*, *O problema do seductor en Kierkegaard, Proust e Rilke*, e *Os Demos do Bosco.*

Domingo García Sabell (1909-2003) aplica nos seus traballos a filosofía ao ámbito médico. As súas contribucións neste eido aparecen compiladas en *Ensaios I*, no que aparece a súa obra clave: *Análise existencial do home galego enfermo e outros ensaios,* nela analízase a actitude que o galego ten ante a enfermidade: negación, entrega e comunicación, resultando obvio que sentido ten cada unha delas.

O ensaio filosófico na actualidade aparece ben representado por **Antón Baamonde** ou **Francisco Sampedro Ojeda.**

1.6.6. O ensaio teolóxico e relixioso

No ámbito das revistas e publicacións periódicas, para o ensaio relixioso e teolóxico actual, hai un bo precedente en *Logos*, revista editada en Pontevedra na década dos anos 20 do século XX. A partir dos anos setenta aparecerán revistas novas , publicacións como *Encrucillada* e *Irimia.*

No ámbito ensaístico propiamente dito hai que contar con figuras do peso de **Xosé Chao Rego** (*Introducción ao Xénese* ,1972, ou *A condición homosexual* , 2000) e **Andrés Torres Queiruga** (*Teoloxía e sociedade,* 1974; *A revelación de deus na realización do home,* 1985)

Desde Xesús de Nazaret, podemos afirmar que non existe en absoluto ningunha razón pola que Deus queira entrar na nosa existencia histórica, fóra do seu amor salvador, da súa decisión irrevocable de liberar e potencia ó home. De sorte que cabe elevar a principio hermenéutico fundamental a seguinte formulación: toda interpretación do cristianismo coma restrictiva da realización humana ou coma carga externa e heterónoma sobre a existencia, resulta por eso mesmo falsa; e, ó revés, canto máis positiva resulta unha interpretación, tanto máis acorde estará co auténtico espírito do cristianismo.

Aparecen inmediatamente as consecuencias que de aquí se poden derivar, por exemplo, para unha fundamentación cristiá da ética. Non existen para o cristián – como tantas veces se sobreentende – preceptos supletorios ou cargas adxacentes. A fe é simplemente - ¡nada menos! - unha luz que axuda a recoñecer na pureza e profundidade da tarefa humana a vontade do creador. Vontade "agápica", altruísta, que tan só quere a realización plena e auténtica das súas creaturas. Vontade, ademais, dun Deus que se mostra como Salvador, é dicir, como positivamente empeñado en axudarlle ó home a descubri-los camiños auténticos – os mandamentos son no Antigo Testamento "palabras" de revelación -, e empeñado igualmente en potencia-la súa forza para os seguir – a "lei" coma "gracia" que capacita para que "todo o poidamos en Aquel que nos conforta" (cfr. Fil 4,13)-. ¡Cantas estreiteces se superarían e cantos malentendidos desaparecerían, se esta evidencia lograse embebe-la vivencia práctica e a formulación teórica da moral cristiá!

Creo en Deus Pai de ***Andrés Torres Queiruga***

1.6.7 O ensaio literario

Quizais o texto *Preludio a toda estética futura* de **Vicente Risco**, poida ser considerado como o primeiro ensaio literario galego, aínda que segue o enfoque que este mesmo escritor seguía en *Nós, os inadaptados* ou Florentino Cuevillas en *Dos nosos tempos*: un exercicio de autodefinición máis que a redacción dun ensaio propiamente dito.

De Vicente risco é tamén *Ensaio dun programa pró estudio da literatura popular galega,* escrito no ano 1928.

A **Leandro carré Aldao** pertencen as consideracións feitas no ano 1926 no número 27 da revista *Nós*, baixo o título "Encol da nova novela galega", nas que incide en que a lingua é un elemento fundamental á hora de considerar unha novela como galega.

Andando adiante no tempo, na época da Xeración Galaxia, atopámonos cunha serie de ensaios que, a pesar de ser considerados como filosóficos, fan un forte fincapé no aspecto literario, particularmente no universo rosaliano e na análise da relación que a escritora ten coa saudade: *A saudade en Rosalía* (1952) de **Ramón Piñeiro** e *Sete ensaios sobre Rosalía* de Celestino Fernández de la Vega, no que este filósofo intenta establecer unha ligazón entre Rosalía e a corrente romántica europea. De novo é Rosalía, xunto con Castelao, o obxecto de interese dun filósofo da Xeración Galaxia, **Domingo García Sabell,** no seu volume *Ensaios II.*

A relación entre o feminismo e a literatura obsérvase nos traballos de **María Xosé Queizán** (*Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*,1998) e de **Carme Blanco** (*Literatura galega de muller*, 1991; *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, 1995; e máis recentemente *Alba de mulleres*,2003).

María Xosé Queizán repasa o seu compromiso coa reflexión e a praxe feminista:

> *«As mulleres estiveron recluídas no mundo privado, mentres a cultura, o pensamento, a filosofía, a política ou a ciencia, todo era dos homes. Daquela o que facían as mulleres nese terreo quedaba detrás deles ou era ocultado. Estabamos fóra da historia e do público, que é onde se resolve todo, a verdade, a equidade, a xustiza, a lei... todo o respectábel. No privado eran mulleres ou fillas de. Cambiar a posición do foco mudou por completo a historia. Unha das artimañas máis terríbeis da historia da muller é que era vítima e facíana tamén culpábel, se a violaban tiña que ocultalo porque se non quedaba proscrita na sociedade e se o marido a maltrataba había que dicir que caíra polas escaleiras ou topeñara cunha porta, todo antes de dicir que o home lle batía. O que fixemos foi mudar o punto de vista e hoxe a sociedade sabe que o culpábel e o desprezábel é o maltratador e o asasino. Son cambios que ten que acoller a sociedade para que se transforme. O feminismo nese sentido é importantísimo porque fixo unha revolución pacífica de cambiar as mentalidades e as conciencias, e iso é fundamental. Se ETA está derrotada é porque hoxe xa non se admiten de ningunha das maneiras as súas xustificacións e son considerados asasinos e nun país democrático a xente ten a conciencia de que só desde a palabra e o diálogo se pode transformar a sociedade. Igualmente os maltratadores pasaron de ser os chulos da película a criminais. Vaise seguir o mesmo camiño coa prostitución, que se pasará de poñer o foco nas prostitutas a fixar toda a atención nos prostituidores, que son os activos e os que fan que o fenómeno exista. Dentro duns anos quen se vai envergoñar vai ser o home que vai prostituír mulleres e non elas que son as vítimas»..*
>
> **Mª Xosé Queizan,** Fragmento tirado de "El país, dixital", marzo 2009

Como exemplo de ensaio literario que fai un achegamento á historia da literatura fuxindo da estrutura canónica dun manual temos *De Pondal a Novoneyra* (1984) de **Xose Luis Méndez Ferrín.**



1.6.8. O ensaio de temática medioambiental

Este ensaio ten un cultivo escaso. Podemos mencionar as publicacións periódicas *Cerna e Adega-Cadernos*, e as achegas de autores como **Ramón Varela** *A choiva ácida* (1999), **Xesús Pereiras** *Os incendios forestais en Galicia* (2001), **Xosé Manuel Beiras** *A catástrofe do Prestige* (2003) e *A cuestión ambiental en Galicia* (2006) de **Francisco Díaz-Fierros.**

Por último temos que salientar a creación en 2001 do **Premio Ramón Piñeiro de Ensaio**, organizado pola editorial Galaxia co patrocionio de Unión Fenosa, xa que fomenta a creación de ensaio en lingua galega. As últimas obras premiadas foron *A terra quere pobo* (2003), de **Xosé Luís Barreiro,** *Outro idioma é posible* (2004), de **Teresa Moure** e *O suxeito posmoderno: entre a estética e consumo* (2005), de **Rebeca Baceiredo,** *Psicopatoloxía do retorno* (2006), de **Area Carracedo, Ramón e García-Caballero, Alexandre** e *Paisaxe e nación* (2007) de **López Sández, María**. Neste útlimo libro explórase o nacemento e a evolución do modo de ollar e de relacionarse coa paisaxe. As distintas teorías sobre a paisaxe e o seu desenvolvemento histórico como creación cultural a través da pintura, a literatura e a reflexión histórica. Os diferentes xeitos de entender a nación e a súa relación coa elaboración discursiva do territorio, que lle outorgará á paisaxe un papel simbólico primordial. A cartografía e a literatura como fornecedores dunha ollada sobre o espazo que nunca é inocente.

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

«Algúns homes —galegos tamén— andan a falaren dun idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección baixando pola escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anceio de chegaren a ser deuses, e renegan das inquedanzas que produce a sabedoría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración. Un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal. [...] Un idioma non nace pola vontade xenial dun grupo de homes; nace pola disposición psicolóxica dun pobo, que, en condicións históricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado á lingua peculiar dun pobo representa un atentado á súa cultura peculiar. Mais os pobos teñen unha forza máxica, invulnerable, e por iso, as nacións asoballadas poden verse privadas do seu poder creador, ou poderán converterse en parásitos da cultura dominante; pero endexamais se deixan asimilar.

O problema do idioma de Galiza é, pois, un problema de dignidade e de liberdade, pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legais para o desenrolo natural do noso espírito, porque queremos volver a presentarnos dignamente no mundo, lavando nas mans o ouro da nosa cultura (sabiduría manifestada) para ofrendalo ó acervo espiritual da Humanidade.»

Sempre en Galiza, **Castelao**

«Ti dis Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é coma se fose un mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para u oeste noutro tanto; poderala andar outra vez, mais non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e desde logo, moito meirande de como ti a ves […]. Do grandor do teu espírito depende todo: canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo, nela estará o mundo todo con todos os seus climas. Se o teu pensar se detén na codia das cousas non digas tampouco Galicia é ben pequena. Es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.»

V. Risco, *Leria*

A LINGUA COMO SÍMBOLO DE UNIVERSALIDADE

«A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso: sen lingua morreremos como pobo, e nada significaremos endexamais na cultura universal. Se o galego quere ser máis ca habitante dun territorio, se arela ser un factor de universalidade e de cosmopolitismo, soamente o emprego da lingua propia, obra da natureza, poderá selo. Arrenegando da lingua terá que avergoñarse sempre de si mesmo. Creando valores na lingua propia, axiña seremos universais.»

A. Villar Ponte, *Pensamento e sementeira*

(...) as nacionalidades hespañolas non pretenden independizárense, pero tampouco lles abonda c-unha simple descentralización político-adeministrativa. O que queren é abolir o falso ideal común , creado artificialmente, e arelan paralizar e deter a destrución sistemática dos seus particularismos, que lle dá a Hespaña unha aparencia de nacionalidade xa constituída. Non queren, poño por caso, que desde as escolas se siga decindo que os españoes somos da mesma raza, da mesma língoa, da mesma cultura e civilización, e que nos xuntamos amorosamenten-unha patria única para conservar e transmitir este herdo ancestral, porque semellante mentira ten por obxecto a castelanización de Galiza, Euscadi e Cataluña. ¿Podemos acaso xustificar e consentir que se maten as lingoas nacionaes- o atributo máis esencial- para subtituilas por unha lingoa de Estado?(…)

Chégase ao estremo de chamarnos" impatriotas " cando diñificamos a língoa do noso país e a consideramos máis nosa que a língoa de Castela. A fobia dos casteláns contra Cataluña provén de que algunha vez foron a Barcelona e viron alí que falaban todos en catalán." Os vascos- din eles- serán separatistas, pero en Bilbao fálase o idioma nacional". O idioma é o que máis lles preocupa,i esto proba que por riba do intrés de Hespaña poñen sempre o intrés da nación castelán, é decir, do feito hexemónico. A este propósito compre lembrar o que algunha vez dixo Azorín- un dos poucos escritores que saben estimar a variedade hespañola- : "E n-un Estado en que coeisisten varias nacións, ¿cómo poderemos falar d-un idioma nacional? Se cada unha d-estas nacións ten a súa língoa todas serán igoalmente nacionaes. Outra cousa será o idioma do Estado, o idioma que sirva para a boa e doada marcha da vida política e adeministrativa do conxunto. Non atino a ver relación ningunha antre o patriotismo e a libre libérrima vida dos idiomas nacionaes dentro do mesmo Estado". Nós, sí atinamos a ver unha estreita relación antre o sentimento de patria e o amor ás língoas nacionais, porque aquel que despreza o idioma do seu país é, realmente, un "impatriota". Os cataláns, os galegos e os vascos serían antiespañoes se lle impuxeran o seu modo de falar á xente de Castela; pero son "patriotas" cando aman a súa fala e non se aveñen a trocala por outra. Nós comprendemos que a un galego, a un vasco ou a un catalán que non queira ser hespañol se lle chame "separatista"; pero eu pergunto cómo debe chamárselle a un galego que non queira ser galego, a un vasco que non queira ser vasco, a un catalán que non queira ser catalán. Estou seguro de que en Castela a estes "impatriotas" chámanlle "bos españoes", "modelo de patriotas", cando en realidade son traidores a si mismos e á terra que lles dou o ser. Eses sí que son separatistas.

O caso dos casteláns é verdadeiramente singular na súa intransixencia. Semellan seren os mellores hespañoes e poñen a Hespaña por enriba de todo; pero a condición de que a súa fala, a súa cultura, o seu dereito, a súa mentalidade, se impoñan dende o Poder aos demáis grupos. Cando topamos c-un castelán que non trata de conferir ao Estado hespañol os atributos de ningún particularismo e non fulmina anatemas contra ninguén, entón nós propoñémoslle que nos entendamos; pero el dirá que nós somos

galeguistas, que queremos falar galego, e que así non podemos ser hespañoes, i en definitiva deprenderemos que el se ten por máis hespañol ca nós, porque fala castelán. Cando topamos c-un castelán orgulloso, capaz de desirnos que a súa terra non ten par no mundo, nós propoñémoslle que nos entendamos, porque así – eles como casteláns, nós como galegos e os demáis como o que son- formaríamos unha Hespaña verdadeira; pero axiña nos dirá que él é hespañol por riba de todo e que o noso galeguismo é un crime.

Sempre en Galiza, ***Castelao***

«Limites espaciales do humor

[...] O fundamento [...] do humorismo non é algo universal, é algo especialmente limitado: cencia, téinica, non son cousas universaes senón produtos europeios, oucidentaes. O mesmo debe suceder co humorismo en canto fenómeno caraiterístico da cultura oucidental moderna. Non se poderá falar, por exemplo, dun humorismo oriental. Eu coido que non é dificil demostrar que así é. Adicaremos unhas verbas a iste probrema.

Resulta que os nenos xaponeses non choran, que cando un xaponés lle acena a outro pra que se achegue ou pra que se vaia troca esaitamente os además que nós usamos. O loito de chinos e xaponeses é o branco. Os chinos din sí abanando a testa como nós pra decir non e din non fagueno o que nós faguemos pra decir sí. Polo visto cando a un xaponés lle morre un parente non chora senón que sorrí. Un bico diante da xente é moi indecente en Xapón, pro, en troques, pode chegar a ser cousa de moita honra vender unha filla prá prostitución. O cumpreanos ten pouca importancia i o cabo de ano moita. O recender da rosa simboliza a ordinariez i a incedencia da cobiza vital. A morte, o nacemento, a vida, os xestos, os símbolos significan pra un oriental algo enteiramente distinto que pra un occidental. Pra nós en moitos casos iste mundo oriental seméllanos o mundo ó revés. Sendo así ¿como unha cousa tan delicada com é o humor poderá darse o mesmo en Oriente que en Occidente? Non se dá.»

Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor.*

Neste texto o autor tenta definir e diferenciar o humor propio da cultura occidental e galega en particular, confrotando outras características coas que os orientais distan moito dos nosos costumes.

MIL PRIMAVERAS MÁIS

«*Louvado sexa Deus porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia; neste grande reino do Fisterre que vai dende os montes ata o mar, onde brillan os pés do vento; a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das peregrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso e eternamente verde. Patria querida, a terra do senso bardesiano: as patrias son a terra e os mortos. Grazas a Deus por este reino. Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da nosa fala. Por me ensinar a dicir rula e abidueira, e dorna e ponte e fonte. E entón, eu sabendo estas palabras era verdaderiamente dono da rula, e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte. As miñas invencións e as miñas maxias teñen nembargante un senso máis fondo, por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase, e ao lado da patria terreal, da patria que son a terra e os mortos, hai esta outra patria que é a fala nosa. Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba á Terra Nosa, podería dicir na miña lápida: Aquí xace alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis.*»

Álvaro Cunqueiro,
discurso pronunciado con ocasión da súa investidura como doutor *honoris causa*
pola Universidade de Santiago de Compostela.

Non é tanto achegarse a nós como permitir que Deus se achegue a nosoutros. Suprimir atrancos. Resulta incrible – e este adxectivo leva intención – a imaxe de Deus que, ó longo do tempo, foi distanciando a moitos orixinalmente crentes da fonte da súa fe. Unha vella e anguriante imaxe que veu batendo, inamovible, con tódolos adiantos que se deron na conciencia da liberación humana. Moitos eruditos relixiosos salváronse da queima da increnza e moitísimas personas relixiosas foron gozando e padecendo dese deus ambivalente, manual – case que unha edición de peto -, manipulable en parte, pero en resume tamén "rex tremendae maiestatis". O clásico santo temor de Deus converteuse, para non poucos, en simple medo pánico. Outros abandonaron os terrores nocturnos da súa infancia e adolescancia, os insomnios por culpa dunha relixiosidade tremendista e, con eles, o don da fe.

Con todo, un sentido común popular íanos dicindo que non, que así non podía ser. Resultaba demasiado distante a prédica sobre un Deus pretendidamente misericordioso e as consecuencias – as inconsecuencias – que logo se tiraban sobre o seu talante xudicial e unha especie de inconfesado sadismo; tan inconfesable, que ninguén ousaría aplicarllo ó seu propio pai sen temor de ofendelo.

Xosé Chao Rego, «Estrato do prólogo de
Creo en Deus Pai de Andrés Torres Queiruga»